



Exp nº 45410-220

**PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN DE VINTE E TRES (23) PRAZAS DE BOMBEIRO/A EN QUENDA LIBRE, INCLUIDAS NAS OFERTAS DE EMPREGO PÚBLICO DOS ANOS 2020, 2021 e 2022. 1ª FASE DA CONVOCATORIA (BOE nº 223 de 14.09.2024)****ANUNCIO SOBRE RESOLUCIÓN DAS ALEGACIÓNS Á FASE DE CONCURSO****PUBLICACIÓN ACORDOS DO ÓRGANO DE SELECCIÓN ADOPTADOS EN SESIÓN DE DATA 25/11/2025**

**PRIMEIRO.-** O órgano de selección procede ao estudo, exame e resolución das alegacións presentadas á fase de concurso:

**Cousillas Rodriguez J. Documento nº 250113548****Alegación presentada:**

Solicita corrixir erro na valoración de méritos do proceso selectivo de bombeiro xa que a puntuación total non se corresponde coa suma da puntuación en formación, polo que sería o correcto 1,30,

**Motivación do acordo:**

O órgano de selección procede a revisión da valoración da formación do aspirante e da publicación da puntuación e aprecia que o erro está na publicación da puntuación da formación que non é 1,30 senón 1,20. A valoración da formación é de 1,20 e a valoración total na fase do concurso é de 1,20.

**Polo exposto con anterioridade, o tribunal, por unanimidade, acorda corrixir o erro na puntuación da formación que pasa a ser de 1,20 e manter a valoración total do aspirante na fase do concurso en 1,20.**

**Carballo Camiño A. Documento nº 250113510****Alegación presentada:**

Solicita que se revise a fase de concurso no apartado da experiencia e que se teña en conta a documentación que aporta.

**Motivación do acordo:**

O órgano de selección procede a revisión da valoración da experiencia do aspirante e aprecia que procede outorgarlle unha puntuación neste apartado de 4,00 (non 3,90). A valoración da experiencia é de 4,00, a valoración da formación permanece igual en 4,00 e por tanto a valoración total do concurso son 8,00.

**Polo exposto con anterioridade, o tribunal por unanimidade, acorda estimar a alegación e outorgarlle unha puntuación no apartado da experiencia de 4,00. A valoración da formación permanece igual e por tanto a valoración total do concurso son 8,00.**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 10/12/2025 13:50	Páxina 1 de 13
3443-232	CSV: AEA6DF-C9E542-C65D21-VANJ35-JFFKLA-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



Exp nº 45410-220

**Hamade Longarela R. Documento nº 250113658****Alegación presentada:**

Solicita a revisión da valoración correspondente a formación e experiencia no proceso selectivo de bombeiro, e aporta documentación.

**Motivación do acordo:**

O órgano de selección procede a revisión da valoración da formación e da experiencia do aspirante e non aprecia ningún erro que motive a súa variación. Para a valoración da experiencia o órgano avaliador emprega o criterio que fixou no proceso, de fixar como termo final do cómputo a data de presentación da solicitude, é en canto a valoración da experiencia precisa que a formación que é obxecto de recoñecemento é a impartida polas entidades recollidas na Base específica VII e que en ningún caso se valorarán méritos aportados fóra do prazo de presentación das solicitudes.

**Polo exposto con anterioridade, o tribunal por unanimidade, acorda desestimar a reclamación do aspirante e manter a valoración da experiencia en 2,10 a valoración da formación en 0,00 e por tanto a valoración total en 2,10.**

**Fernández Bernández A. Documento nº 250113633****Alegación presentada:**

Solicita que se lle faga a valoración correspondente dos méritos aportados no seu momento xa que publicada a relación non se lle fai valoración algunha. Alega que presentou toda a documentación relacionada cos méritos nun rexistro a parte, no documento co nº 240285888 (con data de 24/09/24) anexada a instancia, menciona un erro na plataforma de pago no momento de presentación da solicitude.

**Motivación do acordo:**

O órgano de selección procede á revisión da documentación do aspirante e aprecia que debe proceder a valorala porque efectivamente consta presentada no prazo de presentación de solicitudes. A valoración da experiencia é de 6,00, a valoración da formación é de 4,00 por tanto a valoración total do concurso son 10,00.

**Polo exposto con anterioridade, o tribunal por unanimidade, acorda estimar a reclamación do aspirante da que resulta que a valoración da experiencia é de 6,00, a valoración da formación é de 4,00 por tanto a valoración total do concurso son 10,00.**

**Mato Rozas A. Documento nº 250113685****Alegación presentada:**

Solicita que se teña en conta a puntuación reflectida na fase de concurso de bombeiro-condutor. Entende que a variación pode deberse a algún erro na valoración ou a un problema no momento de subir os documentos, polo que procede a achegalos de novo.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 10/12/2025 13:50	Páxina 2 de 13
3443-232	CSV: AEA6DF-C9E542-C65D21-VANJ35-JFFKLA-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



Exp nº 45410-220

**Motivación do acordo:**

De conformidade co artigo 55 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público os órganos de selección gozan de independencia e discrecionalidade técnica na súa actuación, é dicir non están vinculados polos criterios adoptados por outros tribunais para as súas valoracións.

Exposto o anterior, o órgano de selección procede á revisión da documentación do aspirante e aprecia que debe proceder a unha nova valoración da experiencia da que resulta unha puntuación de 1,60.

En relación á formación considerando que a que careza de acreditación do seu contido ou da correspondente sinatura ou que non estea rexistrada no prazo de presentación de instancias non é obxecto de valoración, o tribunal acorda que a puntuación da formación é de 0,00.

**Polo exposto con anterioridade, o tribunal por unanimidade, acorda estimar parcialmente a alegación do aspirante e outorgarlle unha puntuación no apartado da experiencia de 1,60. A valoración da formación permanece igual (0,00) e por tanto a valoración total do concurso son 1,60.**

**Gonzalez Posada J.D. Documento nº 250113725****Alegación presentada.**

Solicita revisión da puntuación asignada .

**Motivación do acordo:**

O órgano de selección procede á revisión da valoración da experiencia do aspirante que permanece igual en 1,7 e revisa a valoración da formación e aprecia que procede outorgarlle unha puntuación neste apartado de 4,00 (non 2,40). A valoración da experiencia é de 1,7, a valoración da formación é 4,00 e por tanto a valoración total do concurso son 5,7.

**Polo exposto con anterioridade, o tribunal por unanimidade, acorda estimar a reclamación do aspirante e revisar a valoración da formación outorgándolle unha puntuación de 4,00 neste apartado. A valoración da experiencia é de 1,7, a valoración da formación é 4,00 e por tanto a valoración total do concurso son 5,7.**

**Zubizarreta Scotti A. Documento nº 250113728****Alegación presentada:**

Solicita que se revise a puntuación asignada na fase de concurso no apartado de formación e se proceda a súa ratificación aos baremos establecidos nas bases.

**Motivación do acordo:**

O órgano de selección procede a revisión da valoración da formación do aspirante e aprecia que procede outorgarlle unha puntuación neste apartado de 0,80 (non 0,00). A valoración da experiencia é de 0,00, a valoración da formación é de 0,80 e por tanto a valoración total do concurso son 0,80.

**Polo exposto con anterioridade, o tribunal por unanimidade, acorda estimar a alegación e outorgarlle unha puntuación no apartado da formación de 0,80. A valoración da experiencia**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 10/12/2025 13:50	Páxina 3 de 13
3443-232	CSV: AEA6DF-C9E542-C65D21-VANJ35-JFFKLA-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



Exp nº 45410-220

permanece igual (0,00) a valoración da formación é de 0,80 e por tanto a valoración total do concurso son 0,80.

**Fernandez Regueiro R. Documento nº 250113751****Alegación presentada**

Solicita a revisión dos méritos xa que non se lle valorou a experiencia profesional no Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento de Ourense, tampouco se lle recollen todos os cursos presentados.

**Motivación do acordo:**

En relación á experiencia considerando que a que careza da certificación da acreditación do prazo de tempo de servizos prestados non é obxecto de valoración o tribunal acorda que a puntuación da experiencia é de 0,00.

En relación á formación considerando que a actividade formativa que careza de acreditación de número de horas non é obxecto de valoración o tribunal acorda manter a puntuación da formación en 0,80.

A valoración da experiencia é de 0,00, a valoración da formación é de 0,80 e polo tanto a valoración total do concurso son 0,80.

**Polo exposto con anterioridade, o tribunal, por unanimidade, acorda desestimar a reclamación do aspirante e manter a valoración da experiencia en 0,00 a valoración da formación en 0,80 e polo tanto a valoración total en 0,80.**

**SEGUNDO.-** Publicar a resolución das alegacións á fase de concurso na páxina web municipal e no taboleiro de edictos do Concello, cos efectos previstos no artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas que establece:

*“En todo caso, os actos administrativos serán obxecto de publicación, que producirá os efectos da notificación nos seguintes casos:*

*(...)*

*b) Cando se trate de actos integrantes dun procedemento selectivo ou de concorrencia competitiva de calquera tipo. Neste suposto, a convocatoria do procedemento deberá indicar o medio onde se efectuarán as sucesivas publicacións carecendo de validez as que se leven a cabo en lugares distintos”*

**TERCEIRO.-** Contra a resolución das alegacións á fase de concurso poderase interpoñer recurso de alzada sen prexuízo de que os interesados/as poidan interpoñer calquera outro recurso que estimen procedente consonte a dereito.

**CUARTO.-** O Presidente convoca aos/ás presentes para continuar coa resolución das alegacións presentadas á fase de concurso para o día 2 de decembro de 2025 ás 9.00 horas.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 10/12/2025 13:50	Páxina 4 de 13
3443-232	CSV: AEA6DF-C9E542-C65D21-VANJ35-JFFKLA-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



Exp nº 45410-220

**PUBLICACIÓN ACORDOS DO ÓRGANO DE SELECCIÓN ADOPTADOS EN SESIÓN DE DATA  
2/12/2025****SEGUNDO.-** Continuación do estudo, exame e resolución das alegacións á fase de concurso.**Alvarez Muñiz L. Documento nº 250114137****Alegación presentada:**

Solicitude de revisión dos méritos achegados como experiencia laboral no Concello de Vigo, por faltar a puntuación do mesmo na publicación, entendendo que puidera ser un erro de transcripción. Para facilitar a solicitada revisión remite ao tribunal a relación de expedientes, datas de presentación dentro dos prazos establecidos, onde se poden cotexar os documentos aportados.

**Motivación do acordo:**

O órgano de selección procede á revisión da valoración da experiencia do aspirante e verifica que a solicitude de certificación de servizos prestados ao Concello de Vigo realízase no prazo de presentación de instancias e é alegada polo interesado na súa solicitude inicial.

Realizada consulta á Area de Recursos Humanos e Formación do Concello de Vigo constátase que o certificado correspondente a esa solicitude notificouse ao aspirante e consta acuse de recibo con data 11/10/2024, fóra do prazo de presentación de instancias.

O aspirante presentou a súa solicitude de certificación de servizos prestados dentro do prazo de presentación de solicitudes ante a mesma Administración que convoca o proceso selectivo, o certificado de servizos prestados por causas exclusivamente imputables á Administración convocante se lle expide ao remate do prazo de presentación de solicitudes.

De conformidade cos principios de boa administración, confianza lexítima e proscrición da indefensión, así como co dereito dos interesados a non aportar documentos que constan en poder da propia Administración (art. 53.1 a e 28.2 da Lei 39/2015 de Procedemento administrativo Común das Administracións Públicas) non pode resultar prexudicado o aspirante por unha demora administrativa allea a súa vontade, o órgano de selección procede a valorar o certificado de servizos prestados no Concello de Vigo.

O órgano de selección procede a revisión da valoración da experiencia do aspirante e aprecia que procede outorgarlle unha puntuación neste apartado de 1,7 (non 0,40). A valoración da experiencia é de 1,7, a valoración da formación permanece igual en 3,40 e por tanto a valoración total do concurso son 5,1

**Polo exposto con anterioridade, o tribunal por unanimidade, acorda estimar a alegación e outorgarlle unha puntuación no apartado da experiencia de 1,7. A valoración da formación permanece igual en 3,40 e por tanto a valoración total do concurso son 5,1**

**Varela Alvarez M. Documento nº 250114216****Alegación presentada:**

Solicita a comprobación da puntuación na fase de concurso no proceso selectivo para a provisión de 23 prazas de bombeiro.

**Motivación do acordo:**

O órgano de selección procede a revisión da valoración da experiencia do aspirante e non aprecia ningún erro que motive a súa variación xa a que para a valoración da experiencia é necesaria



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 10/12/2025 13:50	Páxina 5 de 13
3443-232	CSV: AEA6DF-C9E542-C65D21-VANJ35-JFFKLA-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



Exp nº 45410-220

certificación debidamente asinada acreditativa dos períodos de servizos prestados.

**Polo exposto con anterioridade, o tribunal, por unanimidade, acorda desestimar a reclamación do aspirante e manter a valoración da experiencia en 0,00 a valoración da formación en 4,00 e por tanto a valoración total en 4,00.**

**Ares Carrera I. Documento nº 250114378****Alegacións presentadas:**

Solicita que se revise a fase de concurso no apartado da experiencia e que se teña en conta a documentación que aporta. Refírese á valoración da oposición de condutor-bombeiro.

**Motivación do acordo:**

De conformidade co artigo 55 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público os órganos de selección gozan de independencia e discrecionalidade técnica na súa actuación, é dicir non están vinculados polos criterios adoptados por outros tribunais para as súas valoracións.

Exposto o anterior, o órgano de selección procede á revisión da documentación do aspirante e aprecia que debe proceder a unha nova valoración da experiencia da que resulta unha puntuación de 4,00.

**Polo exposto con anterioridade, o tribunal por unanimidade, acorda estimar a alegación e outorgarlle unha puntuación no apartado da experiencia de 4,00. A valoración da formación permanece igual en 4,00 e por tanto a valoración total do concurso son 8,00.**

**Salvado Gontad O. nº 250114323****Alegación presentada:**

Solicita a revisión da valoración correspondente de formación e adxunta documentación explicativa.

**Motivación do acordo:**

O órgano de selección procede a revisión da valoración da formación e non aprecia ningún erro que motive a súa variación. Para a valoración da formación o tribunal precisa que a que é obxecto de recoñecemento é a impartida polas entidades recollidas na Base específica VII do proceso selectivo.

**Polo exposto con anterioridade, o tribunal por unanimidade, acorda desestimar a reclamación do aspirante e manter a valoración da experiencia en 0,00 a valoración da formación en 1,40 e por tanto a valoración total en 1,40.**

**Fernández Araujo . A. Documento nº 250114866 e 250114833****Alegación presentada:**

Solicita revisión da valoración do concurso do proceso selectivo no apartado de formación.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 10/12/2025 13:50	Páxina 6 de 13
3443-232	CSV: AEA6DF-C9E542-C65D21-VANJ35-JFFKLA-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



Exp nº 45410-220

**Motivación do acordo:**

O órgano de selección procede á revisión da documentación do aspirante e aprecia que debe corrixir a valoración da formación por canto corresponde unha puntuación de 1,00 (non 0,00). A valoración da experiencia é de 0,00, a valoración da formación é de 1,00 por tanto a valoración total do concurso é 1,00.

**Polo exposto con anterioridade, o tribunal por unanimidade, acorda estimar a reclamación do aspirante da que resulta que a valoración da experiencia permanece en 0,00, a valoración da formación corríxese a 1,00 por tanto a valoración total do concurso é 1,00 .**

**Castro Barreiro A. Documento nº 250114392****Alegación presentada:**

Solicita que se revisa a valoración de experiencia e se teña en conta a puntuación reflectida na fase de concurso de bombeiro-condutor.

**Motivación do acordo:**

De conformidade co artigo 55 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público os órganos de selección gozan de independencia e discrecionalidade técnica na súa actuación, é dicir non están vinculados polos criterios adoptados por outros tribunais para as súas valoracións.

Exposto o anterior, o órgano de selección procede á revisión da documentación do aspirante e aprecia que non existe erro na valoración da experiencia da que resulta unha puntuación de 2,40 xa que é a puntuación resultante do tempo que acredita o certificado de servizos prestados.

A valoración da experiencia é de 2,40, a valoración da formación é de 4,00 e polo tanto a valoración total do concurso son 6,40

**Polo exposto con anterioridade, o tribunal por unanimidade, acorda desestimar a reclamación do aspirante e manter a valoración da experiencia en 2,40 a valoración da formación en 4,00 e polo tanto a valoración total en 6,40.**

**Rodriguez Alvarez V.J.. Documento nº 250114458****Alegación presentada.**

Solicita revisión da puntuación asignada en experiencia e formación en relación á puntuación reflectida na fase de concurso de bombeiro-condutor.

**Motivación do acordo:**

De conformidade co artigo 55 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público os órganos de selección gozan de independencia e discrecionalidade técnica na súa actuación, é dicir non están vinculados polos criterios adoptados por outros tribunais para as súas valoracións.

Exposto o anterior, o órgano de selección procede á revisión da documentación do aspirante e



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 10/12/2025 13:50	Páxina 7 de 13
3443-232	CSV: AEA6DF-C9E542-C65D21-VANJ35-JFFKLA-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



Exp nº 45410-220

aprecia que non existe erro na valoración da experiencia e da formación .  
A valoración da experiencia é de 1,90 a valoración da formación é de 2,60 e polo tanto a valoración total do concurso son 4,50

**Polo exposto con anterioridade, o tribunal por unanimidade, acorda desestimar a reclamación do aspirante e manter a valoración da experiencia en 1,90 a valoración da formación en 2,60 e polo tanto a valoración total en 4,50.**

**Ferraz Castiñeiras R. . Documento nº 250114560****Alegación presentada:**

Solicita que se revise a puntuación asignada na fase de concurso no apartado de experiencia e se lle valore o certificado de servizos prestados achegado en tempo e forma no prazo de presentación de solicitudes.

**Motivación do acordo:**

O órgano de selección procede á revisión da experiencia do aspirante e aprecia que debe proceder a valorar o certificado de prestación de servizos prestados porque efectivamente consta presentado no prazo de presentación de solicitudes. A valoración da experiencia modifícase e ascende a 4,2 a valoración da formación permanece en 3,90, por tanto a valoración total do concurso son 8,1.

**Polo exposto con anterioridade, o tribunal por unanimidade, acorda estimar a alegación e outorgarlle unha puntuación no apartado da experiencia de 4,2 a valoración da formación permanece en 3,90 e por tanto a valoración total do concurso son 8,1.**

**Alvarez Corbelle R. Documento nº 250114495****Alegacións presentada**

Solicita a revisión da valoración da fase de concurso do proceso selectivo para a provisión de (23) vinte e tres prazas de bombeiro/a da OEP dos anos 2020, 2021 e 2022 .

**Motivación do acordo:**

A Xunta de Goberno Local na sesión que tivo lugar o 19 de xaneiro de 2024 aprobou a convocatoria dos procesos selectivos destinados á execución das Ofertas de Emprego Público do Concello de Vigo 2020 2021 e 2022 (1ª fase) integradas polas prazas seguintes: sarxento/a extinción de incendios (quenda de promoción interna); bombeiro/a (quenda libre) e condutor-bombeiro/a (quenda libre), e aprobou as bases xerais destes procesos selectivos e as bases específicas correspondentes ás prazas e postos que configuran a 1ª fase desta Oferta Pública de Emprego.

O luns 3 de xuño de 2024 no BOPPO nº 107 son obxecto da correspondente publicación.

As Bases que invoca o aspirante non se corresponden cos citadas anteriormente e que son as que rexen este proceso selectivo, polo que o órgano de selección acorda manter a puntuación da experiencia en 0,50 a puntuación da formación en 0,40 e a puntuación total do concurso en 0,90.

**Polo exposto con anterioridade, o tribunal por unanimidade, acorda desestimar a reclamación do aspirante e manter a valoración da experiencia en 0,50 a valoración da formación en 0,40 e polo tanto a valoración total do concurso en 0,90.**

Copia do documento - Concello de Vigo  
3443-232

Data impresión: 10/12/2025 13:50

Páxina 8 de 13

CSV: AEA6DF-C9E542-C65D21-VANJ35-JFFKLA-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>





Exp nº 45410-220

**Taibo Castro M. Documento nº 250114472****Alegacións presentada**

Solicita a revisión da valoración da fase de concurso do proceso selectivo para a provisión de (23) vinte e tres prazas de bombeiro/a da OEP dos anos 2020, 2021 e 2022 no apartado de experiencia.

**Motivación do acordo:**

O órgano de selección procede a revisión da valoración da experiencia do aspirante e aprecia que procede outorgarlle unha puntuación neste apartado de 6,00 (non 3,90). A valoración da experiencia é de 6,00, a valoración da formación permanece igual en 4,00 e por tanto a valoración total do concurso son 10,00.

**Polo exposto con anterioridade, o tribunal por unanimidade acorda estimar a alegación e outorgarlle unha puntuación no apartado da experiencia de 6,00. A valoración da formación permanece igual en 4,00 e por tanto a valoración total do concurso son 10,00.**

**Fernández Lafuente S. Documento nº 250114539****Alegacións presentada**

Solicita a revisión da valoración da fase de concurso do proceso selectivo para a provisión de (23) vinte e tres prazas de bombeiro/a da OEP dos anos 2020, 2021 e 2022 no apartado de experiencia.

**Motivación do acordo:**

O órgano de selección procede a revisión da valoración da experiencia e non aprecia documentación que deba ser valorada e que motive a variación da puntuación.

**Polo exposto con anterioridade, o tribunal por unanimidade, acorda desestimar a reclamación do aspirante e manter a valoración da experiencia en 0,00 a valoración da formación en 4,00 e por tanto a valoración total do concurso en 4,00.**

**Gil Fernández J. Documento nº 250115204 e 250116209****Alegacións presentada**

Solicita a revisión da valoración da fase de concurso do proceso selectivo para a provisión de (23) vinte e tres prazas de bombeiro/a da OEP dos anos 2020, 2021 e 2022 no apartado de formación.

**Motivación do acordo:**

O órgano de selección procede a revisión da valoración da formación e non aprecia erro que motive a variación da puntuación.

**Polo exposto con anterioridade, o tribunal por unanimidade, acorda desestimar a reclamación do aspirante e manter a valoración da experiencia en 0,00 a valoración da formación en 1,20 e por tanto a valoración total do concurso en 1,20.**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 10/12/2025 13:50	Páxina 9 de 13
3443-232	CSV: AEA6DF-C9E542-C65D21-VANJ35-JFFKLA-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



Exp nº 45410-220

**TERCEIRO.-** Publicar a resolución das alegacións á fase de concurso na páxina web municipal e no taboleiro de edictos do Concello, cos efectos previstos no artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas que establece: *“En todo caso, os actos administrativos serán obxecto de publicación, que producirá os efectos da notificación nos seguintes casos:*

(...)

*b) Cando se trate de actos integrantes dun procedemento selectivo ou de concorrencia competitiva de calquera tipo. Neste suposto, a convocatoria do procedemento deberá indicar o medio onde se efectuarán as sucesivas publicacións carecendo de validez as que se leven a cabo en lugares distintos”*

**CUARTO.-** Contra a resolución das alegacións á fase de concurso poderase interpoñer recurso de alzada sen prexuízo de que os interesados/as poidan interpoñer calquera outro recurso que estimen procedente consonte a dereito.

#### **PUBLICACIÓN ACORDOS DO ÓRGANO DE SELECCIÓN ADOPTADOS EN SESIÓN DE DATA 4/12/2025**

**PRIMEIRO.-** Continuación do estudo, exame e resolución das alegacións á fase de concurso.

**Gonzalez Carrera S. Documento nº 250115270**

**Alegación presentada:**

Solicitud de revisión dos méritos achegados como experiencia laboral .Refírese á valoración da oposición de condutor-bombeiro.

**Motivación do acordo:**

De conformidade co artigo 55 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público os órganos de selección gozan de independencia e discrecionalidade técnica na súa actuación, é dicir non están vinculados polos criterios adoptados por outros tribunais para as súas valoracións.

O órgano de selección procede a revisión da valoración da experiencia do aspirante e non aprecia ningún erro que motive a súa variación xa a que para a valoración da experiencia é necesaria certificación debidamente asinada acreditativa dos períodos de tempo de servizos prestados.

**Polo exposto con anterioridade, o tribunal, por unanimidade, acorda desestimar a reclamación do aspirante e manter a valoración da experiencia en 0,00 a valoración da formación en 1,80 e por tanto a valoración total en 1,80.**

**Suarez Penas X.R. Documento nº 250115357**

**Alegación presentada:**

Solicitud de revisión dos méritos achegados como experiencia laboral.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 10/12/2025 13:50	Páxina 10 de 13
3443-232	CSV: AEA6DF-C9E542-C65D21-VANJ35-JFFKLA-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



Exp nº 45410-220

**Motivación do acordo:**

O órgano de selección procede a revisión da valoración da experiencia e non aprecia documentación que deba ser valorada e que motive a variación da puntuación.

**Polo exposto con anterioridade, o tribunal, por unanimidade, acorda desestimar a reclamación do aspirante e manter a valoración da experiencia en 0,00 a valoración da formación en 0,00 e por tanto a valoración total en 0,00.**

**Rogel Carballeira B. Documento nº 250115780****Alegación presentada:**

Solicita que se revise a fase de concurso no apartado da formación .

**Motivación do acordo:**

O órgano de selección procede a revisión da valoración da formación e e non aprecia ningún erro que motive a súa variación.

**Polo exposto con anterioridade, o tribunal por unanimidade, acorda desestimar a reclamación do aspirante e manter a valoración da experiencia en 0,00 a valoración da formación en 2,50 e por tanto a valoración total en 2,50.**

**Gonzalez Gonzalez A. nº 250115656****Alegación presentada:**

Solicita a revisión da valoración da experiencia e da formación da fase de concurso.

**Motivación do acordo:**

O órgano de selección procede a revisión da valoración da experiencia e non aprecia documentación que deba ser valorada e que motive a variación da puntuación.

En relación á formación, o órgano de selección tras a revisión correspondente da documentación aprecia que procede outorgarlle unha puntuación neste apartado de 1,60 (non 1,20). A valoración da experiencia permanece igual en 0,10, a valoración da formación corríxese a 1,60 e por tanto a valoración total do concurso son 1,70.

**Polo exposto con anterioridade, o tribunal por unanimidade, acorda estimar parcialmente a reclamación do aspirante e acordar que a valoración da experiencia permanece igual en 0,10, a valoración da formación corríxese a 1,60 e por tanto a valoración total do concurso son 1,70.**

**Rosales Carazo . A. Documento nº 250116490****Alegación presentada:**

Solicita a revisión da valoración do concurso do proceso selectivo de bombeiros .

**Motivación do acordo:**

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 10/12/2025 13:50	Páxina 11 de 13
3443-232	CSV: AEA6DF-C9E542-C65D21-VANJ35-JFFKLA-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



Exp nº 45410-220

O órgano de selección tras a revisión correspondente da documentación aprecia que procede corrixir as puntuacións outorgadas inicialmente, a valoración da experiencia corríxese a 6,00 (non 0,00), e a valoración da formación corríxese a 3,20 (non 2,50).

**Polo exposto con anterioridade, o tribunal por unanimidade, acorda estimar a reclamación do aspirante da que resulta que a valoración da experiencia é de 6,00, a valoración da formación é de 3,20 por tanto a valoración total do concurso son 9,20.**

**Comesaña Lago B. Documento nº 250116797****Alegacións presentada:**

Solicita a revisión da valoración do concurso do proceso selectivo de bombeiros no apartado de experiencia.

**Motivación do acordo:**

O órgano de selección tras a revisión correspondente da documentación aprecia que procede modificar a puntuación outorgada inicialmente á valoración da experiencia que se corríxe a 3,10 (non 2,90).

**Polo exposto con anterioridade, o tribunal por unanimidade, acorda estimar a reclamación do aspirante da que resulta que a valoración da experiencia é de 3,10, a valoración da formación é de 4,00 por tanto a valoración total do concurso son 7,10.**

**Sendín Lama A. Documento nº 250113531****Alegación presentada.**

Solicita a revisión da valoración do concurso do proceso selectivo de bombeiros .

**Motivación do acordo:**

O órgano de selección procede a revisión da valoración da puntuación outorgada ao aspirante no concurso e e non aprecia ningún erro que motive a súa variación.

**Polo exposto con anterioridade, o tribunal por unanimidade, acorda desestimar a reclamación do aspirante e manter a valoración da experiencia en 0,00 a valoración da formación en 1,20 e por tanto a valoración total en 1,20.**

**Lorenzo Rodriguez J.M . Documento nº 250181169****Alegación presentada:**

Solicita que se revise a puntuación asignada na fase de concurso no apartado de formación.

**Motivación do acordo:**

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 10/12/2025 13:50	Páxina 12 de 13
3443-232	CSV: AEA6DF-C9E542-C65D21-VANJ35-JFFKLA-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



Exp nº 45410-220

O órgano de selección tras a revisión correspondente da documentación non aprecia ningún erro que motive a variación da puntuación.

**Polo exposto con anterioridade, o tribunal por unanimidade, acorda desestimar a reclamación do aspirante e manter a valoración da experiencia en 3,40 , a valoración da formación en 3,00 e por tanto a valoración total en 6,40.**

**SEGUNDO.-** Publicar a resolución das alegacións á fase de concurso na páxina web municipal e no taboleiro de edictos do Concello, cos efectos previstos no artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas que establece:  
*“En todo caso, os actos administrativos serán obxecto de publicación, que producirá os efectos da notificación nos seguintes casos:*

*(...)*

*b) Cando se trate de actos integrantes dun procedemento selectivo ou de concorrencia competitiva de calquera tipo. Neste suposto, a convocatoria do procedemento deberá indicar o medio onde se efectuarán as sucesivas publicacións carecendo de validez as que se leven a cabo en lugares distintos”*

**TERCEIRO.-** Contra a resolución das alegacións á fase de concurso poderase interpoñer recurso de alzada sen prexuízo de que os interesados/as poidan interpoñer calquera outro recurso que estimen procedente consonte a dereito.

A secretaria titular do órgano de selección

Maria Dolores Hernández Vidal



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 10/12/2025 13:50	Páxina 13 de 13
3443-232	CSV: AEA6DF-C9E542-C65D21-VANJ35-JFFKLA-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		